



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE MAIO DE 2014.-**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D<sup>a</sup> MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D<sup>a</sup> MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. <b><u>SR. SECRETARIO.:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e quince minutos do día vintenove de maio de dous mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

### **PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO O DÍA 30 DE ABRIL DE 2014.-**

Toma a palabra o Sr. Mesias Farías, que manifesta que existe unha cuestión de forma que non estaba a acta, e solicita que conste en acta que se incumple o regulamento.

Sometida a votación a aprobación do acta o Pleno do Concello por 7 votos a favor 6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL e 6 votos en contra 2 BNG e 4 PP, acorda prestarlle a súa aprobación a acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 30 de abril de 2014.

### **2.-PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA DAS SENTENZAS:**

#### **a) T.S.X.G. 10-04-2014 "CAMIÑO DO CASTRO".**

Dase conta da Setenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de data 10 de abril de 2014, Sentenza núm. 00340/2014, (Camiño do Castro), na que se dicta o seguinte FALLO:

"Que procede, con arreglo a los Arts. 68 .1 B) y 2; 70.1, 81.1 "Ab initio" 82, y 85.9 de dicha Ley núm. 29/98, de 13 de Julio, la desestimación del recurso de apelación promovido por la representación legal de DON JOSE MANUEL



CENDAN FERNANDEZ, contra aquella Sentencia núm. 026/13, de 23 de Enero, dictada por el Ilmo. Sr. Magistrado Juez Titular del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol (A Coruña), por la que se le desestimó su recurso contencioso-administrativo contra la Resolución de fecha 26 de Julio del 2010, adoptada por el Pleno del Excmo. Ayuntamiento de Ares (A Coruña), por la que se acordó excluir del Inventario municipal de bienes el camino "Cova do Trasno" por no haber sido cedido como bien de dominio público, sin perjuicio de que asimismo quepa formular singularizada imposición de las correspondientes costas procesales con arreglo al criterio general del vencimiento apelatorio, establecido por el artículo 139,2 "ab initio" de igual Norma legal procesal contencioso-administrativa, a aquel referido promovente y apelante ahora asimismo "ad quem" desestimado."

O Concello Pleno dase por enterado.

**B) T.S.X.G 30-04-2014 "RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL M. GARCIA VARELA".**

Dase conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 30-04-2014 relativa a "RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL M. GARCIA VARELA" na que se dicta o seguinte FALLO:

"Estimamos en parte el recurso de apelación presentado por CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) y MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A, contra la sentencia del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de fecha 02-07-13 dictada en el PO 402/2011, y en su virtud rebajamos la indemnización que corresponde a la actora como consecuencia de la acción de responsabilidad patrimonial ejercitada por ella contra el Ayuntamiento de Ares y su compañía aseguradora, a la suma de 23.913,55 euros más los intereses legales a los que se refiere el fallo de la misma, todo ello sin especial mención en cuanto al pago de sus costas procesales."

O Concello Pleno por enterado.

**3.- DTC-93 UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS.-**

**Visto o acordo adoptado pola Xunta Municipal de Goebarno en sesión celebrada o día 19/05/2014 do seguinte teor literal:**

"PUNTO NÚM. 1.- DTC 93

***Dada conta da Circular remitida pola Excmo Deputación Provincial de A Coruña, en data 07/04/2014 sobre aprobación das Bases modificadas do Plan DTC 93 "Unha deputación para todos os***



**concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade,**

A Xunta Municipal de Goberno acorda por unanimidade:

**Primeiro.- Aprobar a solicitude de participación no DTC 93 e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:**

**A) Obras e subministracións**

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA REPARACIÓN DEL CAMINO DE PEDRÓS EN EL AYUNTAMIENTO DE ARES	31.764,19 €	0,00€	31.764,19 €
PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA REPARACIÓN Y PAVIMENTACIÓN DEL CAMINO DEL RASO A CARRETERA PROVINCIAL CP. 0401 Y DEL CAMINO DAS REGUEIRAS EN EL AYUNTAMIENTO DE ARES	35.061,34 €	0,00€	35.061,34
PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA REPARACIÓN Y PAVIMENTACIÓN DEL CAMINO DE MAZAIDO Á RÚA NOVA (SABADELLE) EN EL AYUNTAMIENTO DE ARES	39.020,31 €	0,00€	39.020,31 €
<b>TOTAL</b>	<b>105.845,84 €</b>	<b>0,00€</b>	<b>105.845,84 €</b>

Segundo.- Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

**B) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios**

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
<b>TOTAL</b>		

**C) Resumo**

	Deputación	Concello	Outras	Presuposto total
--	------------	----------	--------	------------------



			achegas	
<b>SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS</b>	105.845,84 €	0,00€	0,00 €	105.845,84 €
<b>SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS</b>				
TOTAL	105.845,84 €	0,00€	0,00 €	105.845,84 €

**2º) Aprobar o Plan Complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións das obras ou subministracións:**

Denominación	Presuposto
TOTAIS	

**3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.**

**4º) (Só no caso de que exista achega municipal voluntaria)**

**Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.**

**5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**



**6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**Terceiro.- Do presente acordo darase conta na vindeira sesión plenaria que se celebre para ratificar o presente acordo.”**

O Concello Pleno por unanimidade acorda ratificar o acordo anteriormente transcrito e prestarlle a súa aprobación.

## **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

### **4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde-Presidente preguntase os Voceiros dos Grupos Municipais, se teñen algúnha Moción para someter á consideración do Pleno pola vía de Urxencia.

O Voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesías Farias, presenta as seguintes mocións:

- a) **MOCION DO BNG POLA VIA DE URXENCIA AO PLENO DO CONCELLO DE ARES SOBRE AS OBRAS DA RÚA FOMENTO.**



O Municipal do BNG do Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte MOCION POLA VIA DE URXENCIA:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nestes días estanse a levar a cabo as obras de canalización de gas na rúa Fomento, obras que deixan en evidencia unha realidade xa advertida por parte da veciñanza, o mal estado da rúa no seu subsolo.

Esta situación xa foi denunciada -polo noso grupo- no día de onte ao Concelleiro delegado de obras e debido a súa extrema gravidade e para previr futuros accidentes, faise necesaria unha urxente toma de decisión.

Por todo o cal , o GM DO BNG propón ao Pleno a aprobación do seguinte acordo:

- 1.- Elaborar urxentemente un proxecto de mellora da rúa Fomento.
- 2.- Contratar coa máxima celeridade a execución desta obra.
- 3.- Dotar de Medidas de seguridade necesaria para evitar accidentes, tanto en viadantes como no tráfico rodado."

**Sometida a votación a Urxencia o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (2 BNG, 4 PP e 1 NAL) e 6 abstencións (Do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, acorda ratifica-la urxencia".**

Tra-lo debate da Moción o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Elaborar urxentemente un proxecto de mellora da rúa Fomento.
- 2.- Contratar coa máxima celeridade a execución desta obra.
- 3.- Dotar de Medidas de seguridade necesaria para evitar accidentes, tanto en viadantes como no tráfico rodado.

**"MOCIÓN DO BNG POLA VIA DE URXENCIA AO PLENO DO CONCELLO DE ARES SOBRE A PARALIZACIÓN DO PXOM**



O grupo Municipal do BNG do Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN POLA VIA DE URXENCIA:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

**No DOG Núm. 65 Xoves, 3 de abril de 2014, publicouse o "ANUNCIO de información pública sobre a aprobación inicial do Plan xeral de ordenación municipal e o informe de sustentabilidade ambiental, aprobado no Pleno do Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar o 6 de marzo de 2014, en relación co expediente de aprobación do Plan xeral de ordenación municipal de Ares.**

***Entre os acordos estaba o Segundo. Someter a información pública o expediente completo, Plan xeral de ordenación municipal e informe de sustentabilidade ambiental, e a fase de consultas, por un prazo de dous meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xomais de maior difusión na provincia, en cumprimento da normativa urbanística e ambiental de aplicación.***

**O noso Grupo Municipal xa manifestara, no debate plenario, das irregularidades e dos erros técnicos detectados no documento, pero o tema agravouse considerablemente á hora da exposición pública, o cal resuta, ao noso xuízo, unha fraude xa que a documentación aprobada e entregada en Secretaría ao noso grupo, así como a exposta na web municipal e a exposta na Alianza Aresá (sede de exposición pública) non coincide, habendo diferentes propostas ou versións dos mesmos pelanos.**

**Este detalle resulta contrario, claramente, ao sentido que ten a "exposición pública", xa que o fin desta última é trasladar á cidadanía e grupos municipais o documento certo para poder realizar as alegacións que se consideren oportunas.**

**Este rogo xa foi formulado nos mesmos termos o pasado 5 de Maio, sen que se obtivese resposta, nin se obtivese amparo por parte da veciñanza, e GM formulante, ás súas xustas peticións.**

**No contexto das irregularidades devanditas, estamos penante unha situación de inseguridade xurídica para todas as persoas afectadas.**

**Por todo o cal, o GM do BNG propon ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:**



- **A inmediata suspensión do proceso de alegacións até que se resolvan os erros e o tema volva novamente a pleno para aprobación inicial.”**

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 6 a favor (2 BNG e 4 PP) e 7 votos en contra (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL) acorda rechazar a urxencia da Moción.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: No pasado Pleno no tema de sorteo de Mesas o Alcalde dixo literalmente que si o Sorteo Extraordinario non coincide coa Xunta de Goberno convoco Pleno Extraordinario, eso foi o que dixo no Pleno a realidade e que non foi así, incumplindo como sempre, logo se queixa de o tildamos de mentiroso e estas cousas, sempre esta igual, e sabemos que houbo duas xuntas de goberno para facer o Pleno extraorinario, a pregunta é ¿os Concelleiros do Grupo de Goberno cobraron as Comisións? E a segunda pregunta é ¿cree vostede que poden cobrar 200 euros por este concepto e ademáis coa irregularidade que antes me referin?.

Outra cuestión é que o 15 de xaneiro remitinlle dúas preguntas, que debe respostar por escrito sobre Santa Catalina, o 15 de xaneiro, vostede incumpre outra vez o regulamento, xa que tiña que facelo antes do Pleno Ordinario de xaneiro, estamos no 29 de maio do ano 2014 e aínda vostede non me respostou as preguntas sobre Santa Catalina, non sei onde teño que formular estas preguntas.

Tamén levamos esperando máis de dous meses, para ver o expediente do proceso irregular de contratación do psicólogo.

Outra cuestión, xa que vamos a ter a grabación da acta dixital, rogamos que nas votacións o Sr. Alcalde promulgue o resultado das mesmas, porque cando se escoitan as grabacións non se sabe o resultado da votación.

Toma a palabra o Sr. Fernandez Permuy: Bo día a todos e a todas, vou a intentar ser concreto e aproveitar os cinco minutos pero son dúas preguntas unha delas a iamos a facer na Xunta de Persoal, pero o non convocarse non tivemos ocasión, me vou a referir a contratación dun conductor operador para a cargadora, nos tivemos acceso o expediente de contratación, e neste hai unha proposta da Concelleira, hai un informe do Coordinador de Obras, hai unha providencia do Alcalde, hai un informe da Concelleira de Persoal, no que di que hai unha vacante para peon de maquinaria, os motivos son a precariedade do servico, e que hai unha





necesidade urxente da contratación, sempre fala de peon de maquinaria, hai un Informe do Secretario-Interventor no que cita a contratación dun peon de maquinaria de obras e servizos, no mesmo informe falase das bases de contratación e dado a urxencia e perentoriedade dos prazos se podería estar xustificada a selección mediante o INEM. Ata aquí todo ben, pero cal é a nosa sorpresa, que se remite a oferta de emprego do INEM a número 12-2004- 2627 e se fala da contratación dun conductor operador de cargadora. Polo tanto este novo nome esta nova maneira de chamarlle, ó operario necesario non é a mesma a que fai referencia o informe do Secretario, a que fai referencia o informe da Concelleira, e o que fai mención o operario Coordinador de Obras, me gustaría que se nos aclarara dito tema.

E en segundo lugar queríamos saber cando van a començar as obras da Rúa Concepción Arenal, que entendemos que estaban nos orzamentos.

Toma a palabra o Voceiro do PP Sr. Sixto Galiano, manifestando que lle van xurdindo preguntas co desenrolo do Pleno, a primeira se lle pode responder o Sr. Secretario sobre o remanente de 1.200.000 euros, non sei non entendo porque acabo de leer o domingo nos xornais que o Concello de Ares, depois de o de Ponteceso e o máis hipotecado, con 758 per capita de toda a Coruña, entón non entendo como pode haber un millón douscentos mil euros de remanente, sendo o segundo Concello máis hipotecado

Outra pregunta ¿cantas comisión de goberno houbo este mes?, e porque razón non se celebran as Comisións Informativas, a de Persoal, a de Facenda, no Pleno de Constitución da Corporación se dixo que ía haber unha Comisión ó mes, unha Comisión ordinaria é para que eu pregunte na de persoal sobre temas de Persoal, na de Facenda sobre temas de Facenda, e en Cultura sobre temas de Cultura.

Outra pregunta é en relación sobre as Sentencias que se leeron, unha das dúas, que hai que pagarlle 23.980 euros máis intereses a unha veciña, no Pleno anterior houbo que pagarlle 7000 euros a outro veciño porque caeu, habera que preguntarse porque cae tanta xente, en calquer caso vostede o argumentou no seu día que ese diñeiro tiña que pagalo Costas.

Me quedan dúas preguntas máis, unha é en relación o PXOM, se presentou un escrito por parte de este Voceiro, non que se entreveía unha serie de irregularidades manifestadas, se presentou un escrito, e aquí non respostou ninguén, se argumenta, o que manifestou por escrito o Bloque na



súa moción, os Planos que están expostos ó público non se corresponden cos Planos que están asignados polo secretario, eu solicitei por escrito que se cotexaran os Planos, porque o que está claro que unha persoa ve o Plano que está exposto ó público e non se corresponde co que está asinado, entonces non fai unha alegación porque é outro, hai viais que no pasan, unha rotonda cun vial que aparece no asinado polo Secretario e nos outros non, eso é unha irregularidade manifiesta, explíqueme porque non respostou, explíqueme que vai a facer ó respecto.

E a última é máis sangrante todavía, e o peor que vexo eu que poda pasar no Concello, a nos se nos dixo aquí por activa e por pasiva, que o grupo municipal tiña que ter unha impresora, se puxo a impresora e nos quitou a impresora, porque puxo unha impresora para os tres grupos municipais, cando a Lei di que non que cada grupo municipal é independente, ten que ter os seus medios materiais e os seus medios físicos, o 14 de maio de personou no grupo municipal dous membros da Policía Local, por orde do Sr. Alcalde según dixeron eles, se nos identifica os que estamos alí dentro, sen unha orde física, non sei, presuntamente cometeríamos algún delito, se nos pregunta quen ten a chave do grupo municipal, se nos pregunta quen fai fotocopias no grupo municipal, e quen utiliza os medios do grupo municipal, entonces eu con moito respecto lle digo a Policía que sabe que eso non o pode facer alí dentro, para eso tes que ter unha orde de entrada ou unha orde de rexistro, estades vulnerando a legalidade vixente, o R.O.F. di no artigo 27 “ **En la medida de las posibilidades funcionales de la organización administrativa de la entidad local, los diversos grupos políticos dispondrán en la sede de la misma de un despacho o local para reunirse de manera independiente y recibir visitas de ciudadanos, y el Presidente o el miembro de la Corporación responsable del área de régimen interior pondrá a su disposición una infraestructura mínima de medios materiales y personales**”, e a Xurisprudencia do ano 1999, incluso di que me teñen que poñer a mín no grupo municipal na medida do posible un empregado do Concello. Pero que veña a Policía Local a intervir o meu grupo Municipal, por orde do Alcalde quen ten as chaves, preguntome eu se se pode caer máis baixo, lle solicito por escrito as razón que ten vostede para mandar á Policía Local, pasan os cinco días preceptivos e se articula o silencio administrativo, pedin na Xunta de Voceiros que quería ter acceso ó informe, e menos bonito me chamou de todo, e o negou, eso é unha ilegalidade manifesta, unha persecución o Partido Popular, porque o NAL fai o mesmo ou peor, porque o número dous do NAL anda polo Concello como Perico pola súa casa, con expedientes n aman, fotocopiando o que sexa, e o voceiro do NAL xa lle posou o mesmo no ano 97, lle entraron no grupo e lle impediron realizar a actividade política, polo tanto aquí



preguntou eu ¿Qué decía o informe da Policía Local? O que vostede non me o deixou ver infrinxindo a legalidade, e que razóns ten o Alcalde para enviar a Policía Local sen previo aviso as dependencias do grupo municipal, moitas grazas.

Resposta o Sr. Alcalde: O do Pleno habíamos quedado que os suplentes se elixían nas Xuntas de Goberno, e que esas Comisión de Goberno non se cobraban, maioritariamente, non coa vontade de todos os grupos se acordou facelo nas Comisións de Goberno e que se non coincidía coa semanal esta non se cobraba.

O de Santa Catalina, a verdade e que me sorprende un pouco que non se contestara pero te vou a contestar, na medida do posible, en Santa Catalina hai unha serie de espazos que nos temos cedidos a determinadas entidades, en consecuencia a cesión en algúns supostos incluso é anterior a miña chegada á Alcaldía, cando eu cheguei a Alcaldía a Asociación de amigos xa estaba alí, os do arco os metin eu, pero alí había uns moteiros que non metin eu, se foron deixaron o espazo libre, hai un grupo de estudantes, a cesión de usos nos da a nos a potestade de determinar os usos, non é hotel e os usos que ten son compatibles con que esas entidades están alí, é mais axudan á conservación, axudan a telo aberto, axudan a que Santa Catalina teña un uso real e non este pechado a maior parte do tempo.

O expediente da praza de psicólogo esta en Secretaria para ver.

En relación co tema da contratación das obras da Rúa Concepción Arenal, dicir que todo o que se contrata no Concello e mediante procedemento negociado con publicidade, eso fai que se extenda no tempo as contratacións, vosoutros estades conmigo nas mesas de contratación, chegan, se presentas os papeis, e segue todo o procedemento legal, o cal e lento, pero eu non podo facer nada, efectivamente hai procedementos mais rápidos que son os negociados sen publicidade pero eu esos non os quero usar, os procesos de corrupción os Pokemon, Vendex son os que usaban, en consecuencia eu non quero facer negociados sen publicidade, é unha decisión persoal miña e para eso asistides vos as mesas de contratación conmigo, e nas mesas de contratación se lle adxudica ó máis barato e por riba aforramos diñeiro.

A contratación dun operario para a cargadora é a contratación dun operario que todos sabemos que é un conductor e que é para a pala, logo ti o contratas coa categoría que consideras oportuno, pode estar contratado



de peon se lle pide que teña carnet para conducir, evidentemente eu neso non entro. Mugardos convocou os GES a todos lles esixiu o carnet de Conducir C, cando se supón que un conduce o Camión, porque se conducen todos o camión ninguén apaga o lume, considerou pedir o C, pois nos para un peon para a pala pedimos o carnet de conducir.

As Comisións Informativas, son para dictaminar os asuntos que veñen a Pleno, entón todos asuntos que veñen a Pleno teñen que ser dictaminados con carácter previo, e o facemos unhas veces en Comisión Informativa e outras veces en Xunta de Voceiros, na Xunta de Voceiros se dictamina tamén, se non van a Pleno non hai que dictaminar, obrigatorio so é expoñer o que vai a Pleno.

Con respecto as Comisións de Goberno que houbo este mes, hai unha á semana por asuntos de trámite, e a que se tivo que convocar, que xa dixemos que evidentemente non se cobra, isto é unha cousa do Secretario, o que é decisión miña e decisión miña e o asumo.

En relación coa Sentenza sobre a señora que caeu, isto o falamos mil veces hai unhas rúas que se utilizan para mercadillo, e as manobras que fan as furgonetas para a entrada e saída fai que se levanten as pedras, ou non facemos mercadillo ou o levamos para outro sitio, porque o mercadillo destroza moito as pedras, e logo efectivamente a outra zona é a de Costas, que se puxeron uns paseos de madeira totalmente homologados que cando están húmedos se resvala, e nos efectivamente facemos todo o posible por avisar, puxemos carteis, e os arrincaron, e agora ata o puxemos no chan rascando a madeira, nos cumprimos, de feito a indemnización era de 50.000 euros, en segunda instancia de feito deu dereito á indemnización, pero non diras que vas por alí e que non está todo pintado no chan, eu que fago lle digo a Costas que levante aquilo que non serve, si está homologado, se resbala pero está homologada esa madeira.

As alegacións xa viches que votamos en contra da Moción, estamos dicindo que non hai o que ti dis, xa te dixeron que non hai esas diverxencias.

Con referencia o remanente, e cuestión do peche do exercicio, cando se pecha o exercicio se fan as contas as cales teñen que rendirse ante a Corporación, eu o anticipo porque xa o sei.

Hai evidentemente queixas de que se utilizen bens municipais por parte de persoas que non son concelleiros como ti ben dis a lei obriga ó Concello que dentro das posibilidades a poñer uns servizos a disposición do grupo municipal que está integrado polos Concelleiros non a disposición de



calquera, se da a circunstancia de que algún Concelleiro non puido utilizar a fotocopiadora porque a están utilizando xente que non é Concelleira, nos consideramos que a fotocopiadora de abaixo é para Concelleiros, no seu momento decidimos os grupos que coa fotocopiadora no pasillo nos dabamos por servidos, a min cando se me da coñecemento do uso de bens por non Concelleiros o comprobó, é dicir non teño porque creelo.

Sr. Sixto a Policia entrou no despacho.

Sr. Alcalde a Policia fixo o que considerou oportuno, eu lle dou a orde de que mire se están usando os bens municipais, xente que non é Concelleiro, cando os chamo e porque recibo unha queixa de que non Concelleiros utilizan bens, e lle digo que o comprobé e por certo é a miña obrigación.

Por certo hai dous informes, e non os deixei ver porque aínda non os teño eu.

SR. Sixto, eu me refiro o do 14 de maio, que o pedin por escrito.

Sr. Alcalde, hai dous, eu cando teña esos informes decidirei, ou non vemos todos os días o que acontece aquí.

Sr. Sixto Galiano eu vexo que Juan o asesor do NAL anda polos despachos con expedientes, si que o vexo.

Sr. Alcalde non é así, ese señor non fotocopia, ese señor non utiliza bens municipais.

Sr. Sixto como o sabe vostedes.

Sr. Alcalde porque non hai ningunha queixa.

Sr. Sixto, non hai queixas porque eu son bastante máis elegante que todo eso.

Sr. Alcalde, a chamada da Policia ben xustificada porque hai unha queixa, senon porque eu ía a mandar a Policia.

Sendo as once horas e quince minutos abandonan o Salón de Sesións os membros do Grupo Municipal do BNG.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as horas do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde\_Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretairo dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,